

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A FEDERACIÓN GALEGA DE CONFRARÍAS DE PESCADORES

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ten previsto formalizar coa Federación Galega de Confrarías de Pescadores o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 24.04.2024 ata o 16.12.2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións de colaboración entre a Consellería do Mar e a Federación Galega de Confrarías de Pescadores co fin de financiar as inversións que leve a esta institución sen ánimo de lucro a acadar a mellora da competitividade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que se trata dunha subvención nominativa porque na Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 figura a dotación orzamentaria no capítulo VII de Transferencias de Capital, 15.03.722A.781.2, proxecto 2014 00639, destinada a financiar convenios coas federacións de confrarías de pescadores para realizar determinadas inversións.

E de conformidade co artigo 26 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente.

Que os investimentos previstos coa axuda da Consellería do Mar teñen por obxecto acometer unha serie de melloras nos seguintes apartados:

1º) Melloras nas instalacións da sede da federación dirixidas en primeiro lugar á mellora na saúde e hixiene laboral mediante a creación dunha zona de fumadores



no exterior da sede e instalación dun cinceiro anclado ao chan en aluminio e aceiro inoxidable. E, en segundo lugar, a mellora da seguridade coa optimización na instalación eléctrica/rede informática/térmica da sede da Federación Galega de Confrarías que se levará a cabo mediante a instalación de novo cableado para mellora da velocidade da internet no salón de actos e a impermeabilización do tellado coa proxección de material impermeabilizante no mesmo.

2º) Melloras nos equipamentos da federación mediante a adquisición do seguintes equipamentos para a súa sede:

a) Equipamento informático/telefónico para mellora reunións on line: adquisición de material informático para uso da sala de reunións e aulas así como teléfono móbil para reunións.

b) Mobiliario oficina diverso: almacenamento documentación/ mobiliario despacho.

c) Mellora na xestión administrativa coa adquisición un programa de xestión, facturación, rexistros contables e fiscais na nube adaptados á nova normativa que será de aplicación a partir de xaneiro 2025 que contribúa a mellora da actividade económica administrativa da Federación a través do traballo na nube, e que facilitará o traballo contable e administrativo da entidade.

3º) Finalmente, buscará a mellora da promoción das confrarías de pescadores coa realización de accións formativas e divulgativas dirixidas ás confrarías e aos seus membros, consistentes en:

- Curso de ofimática, Google Drive, co que se pretende actualizar os coñecementos e aproveitar as posibilidades de actualización que a informática permite hoxe en día así como formar para a mellora no teletraballo. A finalidade é aproveitar as funcións avanzadas de Google Drive, como a creación de formularios, a integracións con outras aplicacións de Google, a programación de copias de seguridade automáticas e a posibilidade de traballar sen conexión eliminando barreiras do espazo físico e accedendo aos arquivos dende calquera dispositivo en calquera momento. Consistirá na realización dunha formación on line de 20 horas de duración a fin de facilitar a aprendizaxe.
- Curso básico en ciberseguridade dirixido ao persoal das confrarías de pescadores de Galicia; nesta formación semipresencial preténdese dotar de coñecementos básicos para evitar ataques informáticos que causen danos irreparables a nivel técnico e de xestión mediante o recoñecemento das ferramentas básicas e nas actuacións a seguir no caso dun ciberataque.
- Guía de boas prácticas ergonómicas para persoal de confrarías.

O persoal das confrarías afronta o seu traballo diario sometido a exposicións dunha serie de riscos ergonómicos aos que normalmente non se lles da a importancia que se debería. Estes riscos producen unha serie de trastornos músculo esqueléticos que son causa de frecuentes baixas laborais (cervicalxias, lumbalxias, tendinites en dedos e monecas, etc). Grazas a esta guía identificaranse





riscos e propóranse solucións sinxelas para mellorar a ergonomía dos postos e con elo a calidade de vida dos traballadores das nosas entidades. A guía estará dividida en dous grandes bloques porque os riscos aos que están sometidos son moi diferentes; un primeiro para o persoal de oficina: traballo con pantallas de visualización de datos, posturas forzadas, mal deseño dos postos de traballo. E un segundo para o persoal de lonxa: manipulación manual de cargas, movementos repetitivos, etc

- Organización dunha xornada/evento conmemorativo do XX aniversario da constitución da Federación Galega de Confrarías de Pescadores, constituída en novembro de 2004, que incluírá un almorzo onde se homenaxeará aos presidentes da federación galega dende a súa fundación no ano 2004.
- Produción de vídeo conmemorativo do XX aniversario da Federación Galega de Confrarías coa finalidade de promocionar o traballo das confrarías e da federación durante estes 20 anos, onde participarán todos os anteriores presidentes da federación galega de confrarías.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asina esta memoria, en Santiago de Compostela

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo
(asinado dixitalmente)

